ORZAMENTO DETALLADO:

| | | |
|---|---|---|
| Curso/seminario | | |
| Área | | |
| Subgrupo | | |
| Código | | |
| Obxectivo | | |
| Destinatarios | | |
| Números mínimo e máximo destinatarios | | |
| Duración total | | |
| Rango | | |
| Profesor | | € |
| Material didáctico | | € |
| Material funxible | | € |
| Aulas propias | | € |
| Aulas alugadas | | € |
| Pistas | | € |
| Equipamentos propios | | € |
| Equipamentos alugados | | € |
| Aluguer de vehículos | | € |
| Carburantes | | € |
| Desprazamentos | | € |
| Publicidade | | € |
| Dirección | | € |
| Seguros | | € |
| Outros (descrición): | | € |
| Total | | € |

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 22 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoito anos nas convocatorias de xuño e setembro e se ditan instrucións para a súa realización.*

A Orde do 19 de febreiro de 2009 (DOG do 4 de marzo), pola que se establecen as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoito anos, prevé no artigo 5.1º que a dirección xeral competente en materia de educación ao longo da vida convocará as citadas probas nos meses de xuño e setembro de forma ordinaria e no número 2, que establecerá as datas de matrícula e celebración, así como os centros en que se van realizar.

En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición primeira da orde de referencia, esta dirección xeral

*RESOLVE:*

Convocar as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2010, conforme se dispón nas epígrafes seguintes:

Primeiro.-*Condicións das persoas aspirantes*.

1. Poderanse inscribir para a realización das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan cumpridos dezaoito anos o día anterior á data de realización da proba.

2. As persoas solicitantes matriculadas de forma oficial nas ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas, nivel II, nas modalidades presencial ou a distancia, para facer a inscrición nas probas libres deberán presentar ante a dirección do centro a renuncia ao dereito a seren avaliadas pola matrícula oficial. A renuncia realizarase con anterioridade á presentación da solicitude de matrícula nas probas

libres, xuntando copia da devandita renuncia á solicitude. O incumprimento deste requisito implica a perda do dereito á avaliación nas probas libres.

3. Para a realización das probas, as persoas aspirantes acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Segundo.-*Contidos da proba.*

1. As áreas constitutivas da proba están integradas nos seguintes ámbitos:

a) Ámbito da comunicación. Abrangue exercicios das materias de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira.

b) Ámbito científico-tecnolóxico. Abrangue exercicios das materias de matemáticas, ciencias da natureza e tecnoloxía e aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo da educación física.

c) O ámbito social. Abrangue exercicios das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, educación para a cidadanía e aspectos da percepción correspondentes ás materias de educación plástica e visual e música.

2. Os departamentos territoriais, dous días antes da data de realización das probas, enviarán un funcionario acreditado para recoller os protocolos de exame na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Logo de recibidos os protocolos entregaránselle aos presidentes ou ás presidentas dos tribunais designados para avaliar as probas en presenza do xefe ou xefa territorial e do xefe ou a xefa do Servizo Provincial de Inspección, ou do persoal funcionario en quen deleguen.

3. Os departamentos territoriais adoptarán todas as medidas necesarias para que en ningún caso se poida coñecer o contido das probas antes da súa aplicación.

Terceiro.-*Centros e lugares de celebración das probas.*

1. Constituiranse tribunais para avaliación das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria nas catro provincias, nas seguintes localidades e centros:

a) Provincia da Coruña:

-Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero, 3 A Coruña.

-Centro EPA de Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns s/n. Ferrol.

-IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n. Santiago de Compostela.

b) Provincia de Lugo:

-Centro EPA de Albeiros, parque da Milagrosa, s/n. Lugo.

c) Provincia de Ourense:

-Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4. Ourense.

d) Provincia de Pontevedra:

-Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8-1º. Vigo.

-Centro EPA Río Lérez, avda. de Buenos Aires, s/n. Pontevedra.

2. Cando, nos centros autorizados, o número de persoas matriculadas exceda o aforo das aulas para realizar a proba, o departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que corresponda establecerá, na mesma localidade, o centro ou centros en que os matriculados excedentes realizarán a proba.

3. No suposto anterior, o centro en que se realiza a matrícula elaborará listaxes definitivas de admitidos diferenciadas para cada centro en que deben presentarse para realizar as probas. As listaxes organizaranse seguindo criterios de orde alfabética por grupos de letras.

Cuarto.-*Matrícula.*

1. A solicitude de matrícula axustarase ao modelo que figura no anexo I desta resolución e efectuarase na secretaría dun único centro dos que figuran no punto terceiro desta resolución.

2. Os prazos de matrícula serán:

-Proba de xuño: 18 ao 28 de maio, ambos os dous incluídos.

-Proba de setembro: do 1 ao 3 de setembro, ambos os dous incluídos.

3. Cada departamento territorial, a través dos medios de comunicación, dará coñecemento público dos prazos, dos centros para a matrícula e das datas das probas dispostas na presente resolución.

4. O día hábil seguinte ao do remate do prazo da matrícula de cada convocatoria, os directores dos centros en que se realizou a matrícula deberán comunicar por fax aos respectivos departamentos territoriais e á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o número de aspirantes que solicitan a realización da proba.

5. As persoas matriculadas para a convocatoria do mes de xuño, se non superan a totalidade dos grupos de materias da proba, consideraranse matriculadas para a convocatoria de setembro sen que teñan que presentar nova documentación.

Quinto.-*Data e normas de realización.*

1. As probas celebraranse en sesións de mañá e tarde os días 10 de xuño e 10 de setembro para as respectivas convocatorias.

2. Entre as 8.30 e as 9.00 horas iniciarase o chamamento para acceso aos espazos de realización da proba.

3. A sesión da mañá terá dúas partes: na primeira, de 9.30 horas a 12.30 horas, realizaranse as probas do ámbito científico-tecnolóxico; na segunda, de 12.30 horas a 14.00 horas, realizaranse as probas do ámbito social.

Na sesión da tarde, de 16.00 horas a 19.45 horas, realizaranse as probas do ámbito da comunicación. A sesión da tarde dará comezo ás 16.00 horas e comprenderá os exercicios de:

a) Lingua galega e literatura.

a.1) Exercicio de redacción.

O tribunal elixirá un tema para llelo propor ás persoas aspirantes. O tema elixido debe ter preferentemente un contido de tipo social ou cultural e de ampla difusión local, autonómica, estatal ou internacional.

Na valoración da redacción que realicen as persoas aspirantes terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o

vocabulario empregado, a presentación do tema e o dominio da ortografía.

O tempo para a realización deste exercicio será de corenta e cinco minutos como máximo.

a.2) Cuestións de lingua galega e literatura.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

b) Lingua castelá e literatura.

b.1) Exercicio de redacción:

Aterase ao disposto no punto a.1 para a lingua galega e literatura.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

b.2) Cuestións de lingua castelá e literatura:

O tempo para a realización deste exercicio será de corenta e cinco minutos como máximo.

c) Lingua estranxeira.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

4. As persoas inscritas deberán presentar, para realización da proba, copia da folla da solicitude de inscrición e documento oficial de identidade. Non se permitirá o acceso para a realización da proba as persoas que non presenten os devanditos documentos.

Sexto.-*Avaliación e puntuación das probas.*

1. A avaliación das probas será por ámbitos de coñecemento e correspóndelle facela ao equipo de profesorado que compoña o tribunal en función da súa especialidade. Este profesorado, cando exista discrepancia na cualificación dalgún ámbito, actuará de maneira colexiada para establecer a cualificación definitiva das probas. Unha vez avaliados os tres ámbitos, no caso de que algunha persoa teña avaliado negativamente un só ámbito, o tribunal poderá revisar novamente se se lograron, en termos globais, os obxectivos establecidos para a etapa nese ámbito e modificar a nota proposta en sentido positivo.

2. Entenderanse alcanzados os obxectivos cando, segundo o xuízo do tribunal, a persoa aspirante amose un grao de adquisición das capacidades que lle permita incorporarse ao mundo laboral, así como proseguir a aprendizaxe ao longo da vida. O tribunal poderá, cando o considere oportuno, convocar as persoas aspirantes a unha entrevista que sirva para aclarar posibles dúbidas sobre a valoración dese grupo de materias.

3. As persoas para quen o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por non teren acadados os obxectivos xerais desta etapa nun grao suficiente conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas nos termos de «suficiente», «ben», «notable» e «sobresaliente» no ámbito ou nos ámbitos superados. Tales cualificacións deberán ser tidas en conta polos tribunais en sucesivas convocatorias, polo que non cumprirá volver realizar as probas dos ámbitos superados para proceder á proposta do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

4. As persoas aspirantes que acrediten ter superado algún grupo de materias nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2009 ou anteriores quedarán eximidas da realización da proba nos grupos de materias avaliadas positivamente, axustando de forma porcentual a cualificación do punto VI, epígrafes 7 e 8, da presente resolución.

5. Quen acreditara ter superado algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, algún módulo número catro dos diferentes ámbitos de educación secundaria de persoas adultas ou algún módulo voluntario de programas de cualificación profesional inicial recollidos no anexo III, quedará eximido da realización da proba dos ámbitos correspondentes. A cualificación dos ámbitos exentos axustarase, de xeito porcentual, á cualificación do punto VI, epígrafes 7 e 8, desta resolución.

6. Durante o período de matrícula, as persoas aspirantes poderán dirixir á dirección do centro onde realizan a proba solicitude de exención de lingua galega para os efectos de que non sexa obxecto de avaliación nesa convocatoria.

Para solicitar a exención da materia de lingua galega utilizarase o modelo que figura no anexo II desta resolución, en que se expresará a razón pola que se solicita a exención das previstas no artigo 15.1º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

As persoas solicitantes de exención acreditarán a procedencia doutra comunidade ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá. As persoas candidatas procedentes doutra comunidade autónoma presentarán, ademais, copia cotexada da documentación en que se acrediten os últimos estudos realizados.

O director ou a directora do centro, de conformidade co artigo 16.2º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, resolverá sobre a concesión ou a denegación da exención e fará pública tal circunstancia no taboleiro de anuncios e comunicaranllo ao presidente ou á presidenta do tribunal que corresponda, polo menos tres días antes da data de realización da proba.

Contra a resolución da dirección do centro, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte a súa notificación perante o xefe ou xefa territorial do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

7. A cualificación de cada ámbito outorgarase consonte a seguinte escala:

| | |
|---|---|
| a) Ámbito científico-tecnolóxico. | |
| Matemáticas. | Puntuación máxima: 15 puntos. |
| Ciencias da natureza. | Puntuación máxima: 10 puntos. |
| Tecnoloxía. | Puntuación máxima: 10 puntos. |
| | Total máxima puntuación: 35 puntos. |
| b) Ámbito social. | |
| Ciencias sociais, xeografía e historia. | |
| Música e educación plástica e visual. | Puntuación máxima: 25 puntos. |
| c) Ámbito lingüístico. | |
| Lingua galega e literatura. | |
| Redacción. | Puntuación máxima: 10 puntos. |
| Cuestións de lingua galega e literatura. | Puntuación máxima: 5 puntos. |
| Lingua castelá e literatura. | |
| Redacción. | Puntuación máxima: 10 puntos. |
| Cuestións de lingua castelá e literatura. | Puntuación máxima: 5 puntos. |
| Lingua estranxeira: | Puntuación máxima: 10 puntos. |
| | Total máxima puntuación: 40 puntos. |

8. Cualificación dos ámbitos.

a) Científico-tecnolóxico.

| Puntuación | Cualificación |
|---|---|
| 31 a 35 puntos | Sobresaliente |
| 26 a 30 | Notable |
| 21 a 25 | Ben |
| 17 a 20 | Suficiente |
| Menos de 17 | Insuficiente |

b) Lingüístico.

| Puntuación | Cualificación |
|---|---|
| 36 a 40 puntos | Sobresaliente |
| 31 a 35 | Notable |
| 26 a 30 | Ben |
| 20 a 25 | Suficiente |
| Menos de 20 | Insuficiente |

c) Social.

| Puntuación | Cualificación |
|---|---|
| 25 puntos | Sobresaliente |
| 21 a 24 | Notable |
| 16 a 20 | Ben |
| 12 a 15 | Suficiente |
| Menos de 12 | Insuficiente |

9. No caso de persoas exentas da proba de lingua galega, a cualificación do ámbito lingüístico outorgarase de acordo coa seguinte escala:

| | |
|---|---|
| Ámbito lingüístico para persoas exentas de lingua galega: | |
| Lingua castelá e literatura. | |
| Redacción. | Puntuación máxima: 10 puntos |
| Cuestións de lingua castelá e literatura. | Puntuación máxima: 5 puntos |
| Lingua estranxeira. | Puntuación máxima: 10 puntos |
| | Total máxima puntuación: 25 puntos |

Cualificación do ámbito lingüístico para alumnos exentos de galego.

| Puntuación | Cualificación |
|---|---|
| 25 puntos | Sobresaliente |
| 21 a 24 | Notable |
| 16 a 20 | Ben |
| 12 a 15 | Suficiente |
| Menos de 12 | Insuficiente |

10. Cualificación global da proba.

a) Logo de avaliada a proba, no prazo de dez días, a presidencia do tribunal fará pública a listaxe provisional de persoas avaliadas coas cualificacións positivas, por ámbito, no taboleiro de anuncios do centro en que se realizou a matrícula.

b) Contra a cualificación provisional da proba poderase presentar reclamación ante a presidencia do tribunal no prazo de dous días posteriores ao da publicación das listaxes provisionais.

c) Transcorrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a listaxe provisoria de persoas aprobadas e aquelas que aproben os tres ámbitos terán superada a proba.

d) Contra a cualificación definitiva da proba, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a súa publicación perante o xefe ou xefa territorial do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que corresponda o centro en que realizou a matrícula.

e) Logo de rematado o proceso de avaliación, a presidencia do tribunal entregará na secretaría do centro as actas de cualificación e demais documentación relacionada coa proba para a tramitación de documentación e custodia.

f) Á vista das actas de cualificación, as persoas candidatas serán propostas polo centro para expedir o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, a través da aplicación de xestión administrativa de centros (XADE).

Sétimo.-*Tribunal.*

1. O tribunal estará constituído por un inspector ou unha inspectora de educación que actuará como presidente ou presidenta, e catro vogais pertencentes aos corpos de catedráticos ou de profesorado de ensino secundario, preferentemente que estean a impartir educación secundaria de persoas adultas no nivel II, designados polo xefe ou xefa do departamento territorial. Na composición do tribunal garantirase que exista un membro do profesorado que imparta docencia no ámbito de comunicación en idioma estranxeiro e outros dous que impartan docencia nos ámbitos científico-tecnolóxico e social.

2. Se se presentaren persoas con necesidades educativas especiais que soliciten recoñecemento de necesidades específicas para realizar as probas, segundo o anexo IV e sempre que o departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o considere necesario, o tribunal adoptará as medidas que se estimen oportunas para facilitar a realización das probas.

3. Os membros do tribunal poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións de avaliación consonte o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

6. Logo da avaliación da proba, o tribunal facilitará a cada participante unha certificación coas cualificacións dos ámbitos, así como a proposición para expedición do título utilizando os anexos V e VI, se procede, e cubrirá a ficha estatística que se xunta como anexo VII. A ficha estatística remitiráselle á xefatura do Servizo Provincial de Inspección, desde onde, co visto e prace do inspector xefe ou da inspectora xefa, se enviará á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do próximo 30 de xullo para a convocatoria de xuño e antes do 8 de outubro para a convocatoria de setembro.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2010.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

*ANEXO I*

| CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA<br>Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa | Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoito anos. |
|---|---|

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

ANO: 2010

Convocatoria: ordinaria do mes de ..............................

CENTRO EN QUE SOLICITA REALIZAR A PROBA:

| 1 DATOS DO/DA SOLICITANTE | | | |
|---|---|---|---|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI/PASAPORTE OU EQUIVALENTE |
| DATA DE NACEMENTO | SEXO | NACIONALIDADE | TELÉFONO(S) |
| ENDEREZO | | | |
| MUNICIPIO/LOCALIDADE | | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL |
| CORREO ELECTRÓNICO | | | |

| 2 LINGUA ESTRANXEIRA ELIXIDA |
|---|
| ☐ INGLÉS ☐ FRANCÉS |

3 SOLICITUDE DE EXENCIÓN (DATOS ACADÉMICOS)

Solicita a exención da parte e ámbito da proba *(marcar cun x o que proceda)*:

| | |
|---|---|
| PARTE 1ª ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO | |
| PARTE 2ª ÁMBITO DE COMUNICACIÓN | |
| PARTE 3ª ÁMBITO SOCIAL | |

4 OBSERVACIÓNS

Presenta discapacidade que necesita adaptación para a realización das probas: SI ☐ NON ☐

Especificar discapacidade e adaptación necesaria:

5 DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

Documentación que se xunta como xustificante:

☐ Acreditación da idade da persoa solicitante: fotocopia do DNI ou do pasaporte, ou de calquera outro documento oficial.

☐ Acreditación da discapacidade da persoa solicitante: certificación do ditame emitido polo órgano público competente da Administración da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, doutras administracións públicas.

☐ Copia cotexada do certificado do grupo ou dos grupos de materias aprobados en anteriores convocatorias.

☐ Certificación das cualificacións do nivel II de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.

☐ Certificado académico de cuarto curso de educación secundaria obrigatoria.

☐ Certificado das cualificacións do módulo IV do nivel III da educación secundaria para persoas adultas (LOXSE).

☐ Outros:

6 DATA E SINATURA

____________________, ________ de ________________ de ______________

Sinatura do/a solicitante.

Asdo.: ..........................................................................................

Xefe/a territorial do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de: ______________

## *ANEXO II*

### Solicitude de exención da materia de lingua galega na proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

| | |
|---|---|
| CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA<br>Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa | Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. |

DATOS DO SOLICITANTE

| | | |
|---|---|---|
| APELIDOS | NOME | NIF |
| ENDEREZO | | LOCALIDADE |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |
| CENTRO ONDE SOLICITA A MATRÍCULA | | ENDEREZO |

EXPÓN
Que a situación do/a alumno/a é a que considera o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, no artigo 15.1º, debido a que: ...................................
..........................................................................................................................................................................................

Por todo isto SOLICITA:
Que se lle conceda a exención da materia da lingua galega para a convocatoria da proba libre de graduado en educación secundaria na convocatoria ordinaria do mes de .............................. de 2010.

SINATURA DO SOLICITANTE

, de de 20.....

| | |
|---|---|
| | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO | DATA DE ENTRADA<br>/ / |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE EFECTOS<br>/ / |
| | DATA DE SAÍDA<br>/ / |

Director/a do centro: ..........................................................................

## *ANEXO III*

### Equivalencias entre ensinanzas e probas superadas e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

| Ámbitos de coñecemento/Materias/Módulos voluntarios/superados | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Equivalencia cos ámbitos da proba libre que poden quedar exentos | Módulo IV dos ámbitos de coñecemento do nivel II de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas | Materias de cuarto curso de educación secundaria obrigatoria (LOE e LOXSE) | Módulos voluntarios de programas de cualificación profesional inicial | Módulo IV de educación secundaria para persoas adultas (LOXSE) | Probas para obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos.<br>Orde do 2 de abril de 2002 (DOG do 25 de abril) | Materias de 2º de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto) |
| Probas do ámbito científico-tecnolóxico | Científico-tecnolóxico | Matemáticas, tecnoloxía e ciencias da natureza (ou física e química, máis bioloxía e xeoloxía) | Científico-tecnolóxico | Ámbito tecnolóxico-matemático<br>Ámbito da natureza | Grupo científico-tecnolóxico | Matemáticas, e física e química |
| Probas do ámbito de comunicación | Comunicación | Lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, e primeira ou segunda lingua estranxeira | Comunicación | Ámbito de comunicación | Grupo lingüístico | Lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, e lingua estranxeira |
| Probas do ámbito social | Social | Ciencias sociais, xeografía e historia | Social | Ámbito da sociedade | Grupo de ciencias sociais | Xeografía humana e historia |

## *ANEXO IV*

**Solicitude de recoñecemento de necesidades específicas para o efecto de realizar as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria**

| 1. Datos persoais | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Primeiro apelido | Segundo apelido | | | Nome |
| DNI/Pasaporte/Outros | Lugar de nacemento | | | Data de nacemento |
| Enderezo, Rúa/Praza/Avda. | Nº | Andar | Letra | Código postal |
| Localidade | Provincia | | | Teléfono de contacto |

1. Realizou a inscrición para participar nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, na convocatoria ordinaria do mes de ................ no centro ......................................................................
2. Ten unha discapacidade recoñecida legalmente por ____________________________________________________
3. Xúntase copia da certificación do organismo acreditativo en que se describe a diminución.

SOLICITO:

Que se teña en conta esta circunstancia á hora de facer a proba, realizando adaptacións de tempo para realizar a proba ou facilitando os recursos técnicos que se indican:
.............................................................................................................................................................................................................

.........................................................................

________________________, ______ de _____________ de ________________

Sinatura

Asdo.: ___________________________________

XEFE/A TERRITORIAL DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVESITARIA DE ..............

## *ANEXO V*

Don /Doña..................................................................................................
*Don/Dona*..................................................................................................

Como secretario/a del tribunal de la prueba libre para la
*Como secretario/a do tribunal da proba libre para a*
obtención del título de graduado en educación secundaria obligatoria, celebrada en el
*obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, celebrada no*
centro ..................................................... de .......................................,
*centro ..................................................... de .......................................,*
el día ..... de .................... de 2010.
*o día ...... de .................... de 2010.*

CERTIFICO QUE, de acuerdo con lo que figura en las actas de esta prueba,
*CERTIFICO QUE, consonte o que figura nas actas desta proba,*

Don/Doña............................................................................................................
*Don/Dona*............................................................................................................

con DNI número........................ ha obtenido las siguientes calificaciones*:
*con DNI número obtivo as seguintes cualificacións*:*

ÁMBITO DE LA COMUNICACIÓN ________________________________
*ÁMBITO DA COMUNICACIÓN*________________________________

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓGICO ____________________________
ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO ____________________________

ÁMBITO SOCIAL ________________________________________________
*ÁMBITO SOCIAL* ________________________________________________

*...................................., ....................... de .................. .de 201....*

Vº Bº. El/la presidente/a (Sello del centro) El/la secretario/a
*Vº e prace O/a presidente/a (Selo do centro) O/a secretario/a*

Fdo............................................... Fdo...............................................
*Asdo*............................................... *Asdo*...............................................

* SB: sobresaliente; N: notable; B: bien; SF: suficiente ; I: insuficiente; NP: no presentado
*SB: sobresaliente: N: notable; B: ben; SF: suficiente; I: insuficiente; NP: non presentado*

## *ANEXO VI*

Don/Doña…………………………………………………………………………

*Don/Dona…………………………………………………………………………*

Como secretario/a del tribunal de la prueba libre para la obtención del título de,

*Como secretario/a do tribunal da proba libre para a obtención do título de*,

graduado en educación secundaria obligatoria, celebrado en el centro

*graduado en educación secundaria obrigatoria, celebrada no centro*

..................................................................... ,

.....................................................................,

el día ......... de ............................ de 2010,

*o día .......... de ............................ de 2010,*

CERTIFICO QUE, de acuerdo con lo que figura en las actas de esta prueba,

*CERTIFICO QUE , consonte o que figura nas actas desta proba,*

Don/Doña.............................................................................................................

*Don/Dona.............................................................................................................*

con DNI número.......................... ha sido propuesto/a para la obtención del título de

*con DNI número..........................foi proposto/a para a obtención do título de*

Graduado en educación secundaria obligatoria.

*Graduado en educación secundaria obrigatoria.*

...................................., ...................... de ..................de 201...

Vº Bº. El/la presidente/a (Sello del centro) El/la secretario/a

*Vº e prace O/a presidente/a (Selo do centro) O/a secretario/a*

Fdo.......................................... Fdo....................................

*Asdo.......................................... Asd....................................*

## *ANEXO VII*

**Proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoito anos**

FICHA DE ESTATÍSTICA Centro: ....................................... Localidade ............................ Provincia ..................... Data de realización da proba: .......... de ................................ de 2010. Número total de aspirantes inscritos/as ....... Número total de aspirantes presentados/as ........... Número total de aspirantes propostos/as para título......................

1. NÚMERO TOTAL DE ASPIRANTES PRESENTADOS/AS, SEGUNDO IDADE E SEXO

| ANOS | ATA 19 | 20 A 25 | 26 A 30 | 31 A 35 | 36 A 44 | 45 A 54 | 55 A 64 | MÁIS de 64 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| HOMES | | | | | | | | |
| MULLERES | | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | | |

2. PERSOAS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, SEGUNDO IDADE E SEXO

| ANOS | ATA 19 | 20 A 25 | 26 A 30 | 31 A 35 | 36 A 44 | 45 A 54 | 55 A 64 | MÁIS 64 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| HOMES | | | | | | | | |
| MULLERES | | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | | |

3. NÚMERO TOTAL DE ASPIRANTES PRESENTADOS/AS QUE SE PROPOÑEN PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

| ANOS | ATA 19 | 20 A 25 | 26 A 30 | 31 A 35 | 36 A 44 | 45 A 54 | 55 A 64 | MÁIS de 64 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| HOMES | | | | | | | | |
| MULLERES | | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | | |

*Resolución do 30 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden axudas para proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2009-2010 (ED 101 A).*

A Resolución do 10 de decembro de 2009 (DOG do 11 de xaneiro de 2010) anuncia a concesión de axudas para a realización de proxectos de fomento do uso do galego, promovidos polos equipos de normalización e dinamización lingüística nos centros privados de ensino regrado non universitario en Galicia, durante o curso escolar 2009-2010.

Logo de ver a proposta formulada pola comisión constituída ao abeiro do artigo 9.1º da dita resolución, esta secretaría

*DISPÓN:*

Artigo único.-A concesión de axudas na contía que se indica aos proxectos relacionados no anexo I e a exclusión dos proxectos relacionados no anexo II, con indicación do motivo.

Contra esta resolución caberá interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o secretario xeral de Política Lingüística ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados os prazos, en ambos os dous casos, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 abril de 2010.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Política Lingüística

*ANEXO I*

| Núm. de expediente | Provincia | Localidade | Nome do centro | Importe concedido (€) |
|---|---|---|---|---|
| CPR10001 | Coruña, A | Arzúa | CPR Nosa Señora do Rosario | 353 |
| CPR10002 | Coruña, A | Betanzos | CPR Nosa Señora do Carme-Atocha | 490 |
| CPR10003 | Coruña, A | Cee | CPR Manuela Rial Mouzo | 452 |
| CPR10004 | Coruña, A | Coruña, A | CPR A Grande Obra de Atocha | 839 |
| CPR10005 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Calasancias | 452 |
| CPR10006 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Calasanz-PP. Escolapios | 839 |
| CPR10007 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Compañía de María | 817 |
| CPR10008 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Escravas Sgdo. Corazon de X. | 572 |
| CPR10009 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Fogar de Santa Margarida | 559 |
| CPR10010 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Franciscanos | 593 |
| CPR10011 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Hijas de Xesús | 632 |
| CPR10012 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Karbo | 366 |
| CPR10013 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Liceo a Paz | 710 |
| CPR10014 | Coruña, A | Coruña, A | CPR López y Vicuña | 404 |
| CPR10015 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Marista-Cristo Rei | 598 |
| CPR10016 | Coruña, A | Coruña, A | CPR Salesianos-San Xoán Bosco | 581 |
| CPR10017 | Coruña, A | Culleredo | CPR A Ponte Pasaxe | 344 |
| CPR10018 | Coruña, A | Culleredo | CPR Andaina | 778 |
| CPR10019 | Coruña, A | Ferrol | CPR La Salle | 486 |
| CPR10020 | Coruña, A | Ferrol | CPR Ludy | 323 |
| CPR10021 | Coruña, A | Ferrol | CPR Sagrado Corazón-Mercedarias | 490 |
| CPR10022 | Coruña, A | Ferrol | CPR Santa Xoana de Lestonnac | 525 |
| CPR10023 | Coruña, A | Ferrol | CPR Xesús Mestre | 473 |
| CPR10024 | Coruña, A | Narón | CPR Ayala | 421 |
| CPR10026 | Coruña, A | Narón | CPR Santiago Apóstolo | 456 |
| CPR10025 | Coruña, A | Narón | Jorge Juan | 490 |
| CPR10027 | Coruña, A | Noia | CPR María Assumpta | 744 |
| CPR10028 | Coruña, A | Pontedeume | CPR San Xosé | 486 |
| CPR10029 | Coruña, A | Ribeira | CPR Sagrado Corazón-Castiñeiras | 413 |
| CPR10030 | Coruña, A | Santa Comba | CPR Nosa Señora Inmaculada | 348 |
| CPR10031 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR Compañía de María | 538 |
| CPR10032 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR Divino Mestre | 477 |
| CPR10033 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR Juventud | 469 |
| CPR10034 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR La Salle | 925 |
| CPR10035 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR Raiola | 413 |
| CPR10036 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR San Francisco Xabier | 542 |
| CPR10037 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR San Jorge | 624 |
| CPR10038 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR San Xosé de Cluny | 512 |
| CPR10039 | Coruña, A | Santiago de Compostela | CPR Santa Apolonia | 434 |
| LUPR001 | Lugo | Foz | CPR Martínez Otero | 572 |
| LUPR002 | Lugo | Foz | CPR Nosa Señora do Pilar | 636 |
| LUPR003 | Lugo | Lugo | CPR A Inmaculada | 804 |
| LUPR004 | Lugo | Lugo | CPR Cervantes | 602 |
| LUPR005 | Lugo | Lugo | CPR Divina Pastora | 675 |
| LUPR006 | Lugo | Lugo | CPR Divino Maestro | 628 |
| LUPR007 | Lugo | Lugo | CPR Galén | 434 |
| LUPR008 | Lugo | Lugo | CPR La Milagrosa | 559 |
| LUPR009 | Lugo | Lugo | CPR María Auxiliadora | 718 |
| LUPR010 | Lugo | Lugo | CPR Padres Franciscanos | 611 |
| LUPR011 | Lugo | Lugo | CPR San José (josefinas) | 606 |
| LUPR012 | Lugo | Monforte de Lemos | CPR Padres Escolapios | 585 |
| LUPR013 | Lugo | Monforte de Lemos | CPR Torre de Lemos | 495 |
| LUPR014 | Lugo | Sarria | CPR La Merced | 2.500 |
| LUPR015 | Lugo | Sarria | CPR Ntra. Sra. de la Asunción | 2.500 |
| OUPR01 | Ourense | Barbadás | Madre de Dios | 800 |
| OUPR02 | Ourense | Barco de Valdeorras, O | Divina Pastora | 692 |
| OUPR03 | Ourense | Carballiño, O | CPR Sagrado Corazón | 714 |
| OUPR04 | Ourense | Carballiño, O | CPR Vila do Arenteiro | 714 |
| OUPR05 | Ourense | Celanova | Sagrado Corazón | 529 |
| OUPR06 | Ourense | Ourense | Centro Gap Postal Escuela de Negocios | 400 |
| OUPR07 | Ourense | Ourense | CPR Concepción Arenal | 641 |
| OUPR08 | Ourense | Ourense | CPR Divino Maestro | 520 |
| OUPR09 | Ourense | Ourense | CPR La Purísima | 499 |
| OUPR10 | Ourense | Ourense | CPR San José | 619 |